

PROGRAMA A CORUÑA E O CONSUMO DA OMIC

5. Consumo actual e novas tecnoloxías

Obxectivo: Favorecer o coñecemento dos seus dereitos e deberes como persoas consumidoras e usuarias do comercio electrónico e as novas tecnoloxías da información

1. Redes sociais

Obxectivos: Coñecer as redes sociais como instrumento de comunicación e interacción. Evitar as ameazas e riscos debidos ao mal uso destas. Como persoas consumidoras das redes sociais o alumnado debe adquirir hábitos para un uso responsable das mesmas.

Destinatarios: alumnado de Educación Primaria, ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos, adultos

2. Comercio electrónico

Obxectivos: Achegar ao alumnado unha análise dos produtos que poden comprar vía Internet. Analizar os puntos de venda dos produtos. Distinguir os sitios seguros dos que non o son. Analizar as técnicas de mercadotecnia que utiliza Internet para a venda de produtos. Comparar as distintas formas de pago dun produto e analizar as vantaxes e desvantaxes de cada unha delas.

Destinatarios: alumnado de educación primaria, ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos, adultos.

3. Seguridade na internet

Obxectivos: Coñecer as posibilidades que ofrece Internet para acceder a información, para o entretemento, a comunicación e mesmo a compra de calquera produto, e as dificultades e desvantaxes: o acceso a contidos ilegais, o illamento social como consecuencia dun uso abusivo deste medio, a posibilidade de ser vítimas dos chamados delitos informáticos etc. Adoptar hábitos que ensinen ao alumnado para evitar os posibles perigos. Unha elevada porcentaxe destas redes son instaladas sen ter en consideración a seguridade, converténdose en redes abertas, sen protexer a información que por elas circulan.

Destinatarios: alumnado de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos, adultos.

4. Dispositivos móbiles

Obxectivos: Os dispositivos móbiles forman parte da nosa vida e facilítannola en moitas ocasións. Pero cando imos compralos non sabemos moi ben que características ten que ter para poder sacarlle a maior rendibilidade posible segundo o uso que lle deamos. Estes contidos serán tratados nesta sesión, analizando as características tecnolóxicas existentes, que significan, para que valen etc.

Destinatarios: ESO, Bacharelato, FP